

1 Le esta secuencia de palabras e di se ten sentido:

«Eu penso en ti a todas horas».

- Cales destas construcións entendes e cales non?

Eu ti, a penso en ti

Un **enunciado** está formado por unha palabra ou un grupo de palabras que transmiten unha idea, opinión, sentimento, etc., nunha determinada situación comunicativa.

- O **enunciado oracional** *ou oración* está formado por unha ou máis palabras con sentido completo. O seu núcleo é un verbo. *Amina está moi contenta de ir á escola.*
- O **enunciado non oracional** *ou frase* carece de verbo conxugado: *Por favor, Estupendo!...*

2 Cres que «Eu penso en ti a todas horas» é un enunciado? De que clase? Xustifica a túa resposta.


3 Indica se estes enunciados son oracionais ou non oracionais:

- Esquecíche? – A escola de Amina.
- Vai moito frío. – Ala!
- Querido Edu: – Lagos está lonxe.
- Nos enunciados oracionais, subliña o núcleo.

As **interxeccións** son palabras invariables que equivalen a unha oración. Serven para expresar emocións, chamar a atención ou reforzar o que se di.

4 Elixe a interxección máis axeitada para cada unha das imaxes:

Uf! Ola! Ala! Ai! Bravo! Ah!





As clases de oracións

- **Enunciativas.** Dan unha información: *Aquí o mar está cerca.*
- **Imperativas ou exhortativas.** Expresan un mandato ou un rogo: *Non tardes en escribirme; Por favor, cóntame que tal está Wole.*
- **Interrogativas.** Formulan unha pregunta e levan un signo de interrogación ao final (?): *Sabes?*
- **Exclamativas.** Expresan sorpresa, admiración, medo...; rematan cun signo de admiración: *As rapazas van á escola!*
- **Dubitativas.** Manifestan dúbida: *Quizais Edu lle conteste rápido.*
- **Desiderativas.** Expresan un desexo: *Oxalá veñades a vivir aquí.*

Todas as oracións poden ser **afirmativas** ou **negativas**.

5 Observa con atención estes debuxos e escribe unha oración de acordo co que che suxira cada imaxe:



- Indica que clase de oración escribiches en cada caso.

6 Fíxate no exemplo e clasifica estas oracións:

- ▶ Oxalá faga moitos amigos na escola. → Desiderativa, afirmativa.
- Teño moitas ganas de contarche cousas.
- Como se chama a túa mestra?
- Non te poñas triste.
- Oxalá todo che vaia ben.
- Por favor, vide a visitarnos.